

CONCURSO RECITADO DÍA DA PAZ

Recitado de poesía destinado ao alumnado do IES David Buján

O Departamento de Convivencia, o EDLG, o departamento de LG e a Biblioteca convocan un recitado de poesía para celebrar o Día da paz e da Non Violencia

BASES

1.- OBXECTIVO

Este concurso ten como finalidade a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado do poema "Irmaus" Celso Emilio Ferreiro.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

O concurso ten carácter individual e vai destinado a todo o alumnado de calquera nivel do ensino do IES David Buján.

3.- CATEGORÍAS

Estabelécense as seguintes categorías:

1. Educación Secundaria
2. Bacharelato

4.- FASES

Contémplanse dúas fases:

- 1º Fase:

O alumnado gravarase recitando o poema proposto. Débese procurar unha boa calidade de son. As audicións cuxa calidade sonora sexa mala serán descalificados. Despois mandarse o arquivo de audio ao seguinte correo edlg@iesdavidbujan.gal (antes do 25 de xaneiro).

- 2º Fase:

As gañadoras e os gañadores recitarán (en grupo) o poema no acto que se celebrará no centro o Día da Paz e da Non Violencia

5. O XURADO

a) O xurado estará composto por persoas dos departamentos convocantes e alumnado do Voluntariado Lingüístico.

6. PREMIOS

Os premios serán individuais e consistirán en diploma, puntos do EDLG, vales da cafetería do centro e libros.

7. Fallo

O fallo do xurado será inapelable. E será comunicado na cortiza do EDLG e nas pantallas do centro